



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 273/2024

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal ao abeiro da Selección de persoal laboral temporal para o Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) (Substitución da persoa traballadora)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

- Con data 07.11.2023 o traballador Manuel Rodríguez Verísimo (████2873████), peón especialista do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES), causa baixa por incapacidade temporal pola continxencia de enfermidade común, cualificando o facultativo o proceso como "largo".
- O último parte de confirmación (nº 4) recibido a través da aplicación SILTRA – Informe do ficheiro FIE indica unha duración estimada da dita baixa de 130 días.
- O 27.02.2024 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre a necesidade e as condicións da contratación laboral temporal que se derivan da cobertura da incapacidade temporal por continxencias comúns do/a traballador/a referido no punto 1.
- O 27.02.2024 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0878 de data 04.11.2022.
- A Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0878 de data 04.11.2022, establece o que copiado literalmente di:
"Sétimo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases de selección (artigo 12):"

APellidos e Nome	DNI	EXENTO GALEGO	FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)				FASE DE OPOSICIÓN (máx. 20 puntos)				Puntuación Total do Proceso
			MÉRITOS PROFESIONAIS (máx. 6 puntos)	CURSOS, SEMINARIOS, CONGRESOS, XORNADAS (máx. 2 puntos)	TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (máx. 2 puntos)	TOTAL FASE DE CONCURSO	1º EXERCICIO (Test) (máx. 10 puntos)	2º EXERCICIO (Proba práctica) (máx. 10 puntos)	PROBA DE GALEGO PARA OS ASPIRANTES NON EXENTOS	TOTAL FASE DE OPOSICIÓN	
1 Villar Prol, Diego	████9001████	Si	1,00	2,00	0,00	3,00	5,75	8,50	-	14,25	17,25
2 Franco Pérez, Javier	████7185████	Si	1,00	0,50	0,00	1,50	6,00	9,00	-	15,00	16,50
3 Suárez Dapena, David	████9179████	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	7,50	8,00	-	15,50	15,50
4 González Blanco, Juan carlos	████8201████	Si	1,40	0,40	0,00	1,80	5,25	8,00	-	13,25	15,05
5 Caneiro López, David	████9378████	Si	2,70	0,00	0,00	2,70	5,75	6,00	-	11,75	14,45

Vistos os Informes emitidos polo Departamento de Persoal no que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir un (1) posto de traballo na categoría de "Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)", mediante o chamamento de aspirantes da listaxe de reserva xurdida ao abeiro do proceso de selección de persoal laboral temporal para o Grupo de Emerxencias





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Supramunicipal (GES) realizado no concello do Pereiro de Aguiar, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES) (V)”, do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0878 de data 04.11.2022, pola orde de puntuación:

APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)				FASE DE OPOSICIÓN (máx. 20 puntos)				Puntuación Total do proceso
			MÉRITOS PROFESIONAIS (máx. 6 puntos)	CURSOS, SEMINARIOS, CONGRESOS, XORNADAS (máx. 2 puntos)	TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (máx. 2 puntos)	TOTAL FASE DE CONCURSO	1º EXERCICIO (Test) (máx. 10 puntos)	2º EXERCICIO (Proba práctica) (máx. 10 puntos)	PROBA DE GALEGO PARA OS ASPIRANTES NON EXENTOS	TOTAL FASE DE OPOSICIÓN	
Franco Pérez, Javier	7185	SI	1,00	0,50	0,00	1,50	6,00	9,00	-	15,00	16,50

Segundo.- Contratar ó/a antedito/a aspirante con data de inicio do contrato o 01 de marzo de 2024, indicando que a dita contratación temporal cubrirá exclusivamente o tempo que dure a continxencia que derivou o parte de baixa por incapacidade temporal do/a traballador/a Manuel Rodríguez Verísimo (2873).

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada para a substitución dunha persoa traballadora, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15.3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Cuarto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

CATEGORÍA	Peón Grupo de emerxencias supramunicipal (GES)
Nº traballadores	1
Aplicación orzamentaria	135.131-04
Tipo de contrato	Contrato de duración determinada por substitución da persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo
Xornada	100,00%
CNAE - Ocupación	8411
Retribucións brutas / Mes por traballador / a	1.534,05 €

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0173 Data: 27/02/2024

Cod. Validación: 6R7TGXFVLI96A3JD2DY5FJ69SE
Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

S.S. Empresa / Mes por traballador /a	570,36 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR / A	2.104,41 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo aprobado pola Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 34 do xoves 08 de febreiro de 2024).

Quinto.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo de dez días seguintes á súa concertación.

Sexto.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Sétimo.- A queda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases de selección (artigo 12):

	APELIDOS ENOME	DNI	EXENTO GALEGO	FASE DE CONCURSO (máx. 10 puntos)				FASE DE OPOSICIÓN (máx. 20 puntos)				PUNTUACIÓN TOTAL DO PROCESO
				MÉRITOS PROFESIONAIS (máx. 6 puntos)	CURSOS, SEMINARIOS, CONGRESOS, XORNADAS (máx. 2 puntos)	TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIVIL (máx. 2 puntos)	TOTAL FASE DE CONCURSO	1º EXERCICIO (Test) (máx. 10 puntos)	2º EXERCICIO (Proba práctica) (máx. 10 puntos)	PROBA DE GALEGO PARA OS ASPIRANTES NON EXENTOS	TOTAL FASE DE OPOSICIÓN	
1	Villar Prol, Diego	9002	Si	1,00	2,00	0,00	3,00	5,75	8,50	-	14,25	17,25
2	Suárez Dapena, David	9179	Si	0,00	0,00	0,00	0,00	7,50	8,00	-	15,50	15,50
3	González Blanco, Juan carlos	8201	Si	1,40	0,40	0,00	1,80	5,25	8,00	-	13,25	15,05
4	Caneiro López, David	9376	Si	2,70	0,00	0,00	2,70	5,75	6,00	-	11,75	14,45

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Noveno.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0173 Data: 27/02/2024

Cod. Validación: 6R7TGXFVWL96A3JD2DY9FJ69SE
Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2024-0173 Data: 27/02/2024

Cod. Validación: 6R7TGXFWL96A3JD2DY5FJ69SE
Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

